

BANDO

PROGRAMA “BENESTAR EN BALNEARIOS 2018”

REQUISITOS QUE DEBERÁN CUMPRIR OS/AS PARTICIPANTES:

Para beneficiarse deste programa haberá que reunir os seguintes **requisitos**:

- a. Ser maior de 60 anos, ou de 55 e reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- b. Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c. Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, agás no caso de fillos/as ou persoas tuteladas que acudan en calidade de acompañantes.
- d. Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar á normal convivencia nos establecementos nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- e. Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- f. Acadar, de conformidade co baremo, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

SERVIZOS INCLUÍDOS

As quendas teñen una duración de 10 días (nove noites) cada unha, realizaranse en réxime de pensión completa e comprenderán desde as 12:00 h do día de chegada ata as 12:00 h do día de saída. O desenvolvemento destas quendas terá lugar durante o período comprendido entre os meses de **maio** a **outubro** de 2018.

Nos prezos inclúen os seguintes servizos:

- a. Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres de uso compartido.
- b. Tratamentos termais, coas indicacións terapéuticas que figuren para cada balneario.
- c. Programa de actividades de animación sociocultural que se leve a cabo no establecemento hoteleiro ou termal.
- d. Póliza colectiva de seguro turístico.

En todo caso, as persoas beneficiarias das quendas realizarán os desprazamentos aos establecementos termais así coma o de regreso aos seus domicilios, polos seus propios medios.

MÁIS INFORMACIÓN:

Ata o 31 de maio do 2018 nos servizos sociais comunitarios do concello de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Soutomaior, 17 de abril 2018

O ALCALDE

Documento asinado dixitalmente á marxe